## VI. ANUNCIOS

## B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE FERROL

*ANUNCIO do extracto de nova convocatoria de dúas prazas da Policía Local.*

No BOP número 154, do día 14 de agosto de 2013, publicáronse as bases específicas reguladoras da convocatoria para a provisión, en propiedade, de dúas prazas da Policía Local.

Con data do 2 de marzo de 2015 publicouse no BOP número 40 un anuncio relativo á revogación da base terceira b) das citadas bases específicas, á suspensión da data de realización da primeira proba (anunciada no BOP do 18 de febreiro) e ao acordo de publicar unha nova convocatoria.

A presentación de solicitudes para participar na nova convocatoria farase no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, durante o prazo de vinte días naturais que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 2 de marzo de 2015

José Manuel Rey Varela
Alcalde

CVE-DOG: dbh7bkw4-xr15-4gk0-ehe6-ffdhpqmohup6